



EXPEDIENTE 2021/A002/000003. Convocatoria e bases reguladoras da concesión en réxime de concorrència competitiva das axudas do POS+Adicional 1/2021 do Plan Único de Concellos para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021

O 16 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno Local, cos quórum de asistencia e votación legalmente esixidos aprobou a convocatoria e as bases reguladoras da concesión en réxime de concorrència competitiva das axudas do POS+Adicional 1/2021 do Plan Único de Concellos para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

ANTECEDENTES

No Boletín Oficial da provincia de A Coruña núm. 205 do 1 de decembro de 2020 (modificación das bases no BOP núm. 225 do 31/12/2020), publicáronse as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021. Na base 12 regúlase a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

O 3 de febreiro de 2021 o Pleno da corporación municipal aprobou participar no Plan Provincial “POS+ADICIONAL 1/2021” da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases coñécense e acéptanse na súa totalidade.

A achega provincial asignada aplicada á financiación dos gastos sociais extraordinarios ten un importe de 125.584,38 euros, dos cales un total de 12.000 euros destínanse para axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización e a adquisición de material informático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 38/2003, de 28 de novembro, xeral de subvencións (LGS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvenciones e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria e bases reguladoras da concesión en réxime de concorrència competitiva das axudas do POS+Adicional 1/2021 do Plan Único de Concellos para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021



SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe de 12.000,00 € con cargo á partida

TERCEIRO. Publicar este acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través de envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións que o remitirá ao BOP. As solicitudes presentaranse no prazo indicado nas bases a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP. No caso de rematar en día inhábil, o prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

CUARTO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como anexo a esta proposta.

QUINTO. Publicar integramente as bases no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do concello.

SEXTO. Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital.

Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente

EXPEDIENTE 2021/A002/000003. Convocatoria e bases reguladoras da concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas do POS+Adicional 1/2021 do Plan Único de Concellos para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021

Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria

1 Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de convocatoria que efectúa o Concello de Boqueixón para a concesión de axudas económicas de carácter específico e extraordinario cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade e que son contempladas nos apartados c) e d) do POS+Adicional 1/2021:

- Axudas ás familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

2 De xeito exemplificativo, por gastos subvencionables ocasionados polo inicio do curso escolar do alumnado, enténdese a adquisición de material escolar, libros de texto, material didáctico complementario, ordenadores portátiles ou de mesa, e calquera outro gasto directamente relacionado coa escolarización pública.

3 A finalidade destas axudas é dar resposta a situacións puntuais de necesidades derivadas de gastos específicos relativos á necesidades básicas e outras destinadas a paliar o impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais e ensinanza.



4 O importe destinado a atender as solicitudes destas axudas ascende á contía de 12.000 euros e financiarase con cargo ao POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

5 As liñas son:

- Liña 1: Axudas a familias para adquisición de equipos informáticos para o alumnado que estea cursando estudos de Educación Primaria, ESO e Bacharelato: 6.000 euros.
- Liña 2: Axudas a familias para gastos que faciliten a escolarización ao alumnado matriculado nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato: 6.000 euros.

Este orzamento pode modificarse como resultado da asignación ou redistribución dos fondos para financiar estas axudas. No caso de esgotar algunha partida orzamentaria das liñas para as que se contemplan as axudas, poderase distribuír orzamento doutra partida con crédito dispoñible, contemplado no POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

Artigo 2. Persoas beneficiarias

1 As axudas están destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade que se atopen nunhas condicións socioeconómicas menos vantaxosas, para facer fronte a gastos específicos, de carácter común ou extraordinario, necesarios para prever, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

2 En caso de esgotar a partida orzamentaria sen poder satisfacer todas as solicitudes presentadas, teranse en conta as de menor nivel de renda familiar. En caso de empate, resolverase por data de entrada da solicitude no rexistro xeral municipal.

3 A persoa beneficiada terá que estar empadroada no Concello de Boqueixón e tódolos integrantes da unidade familiar teñen que estar empadroados no mesmo domicilio a data da publicación desta convocatoria.

4 Que a unidade familiar non dispoña de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de necesidade para a que se solicita a axuda.

5 Considerarase que unha unidade familiar non dispón de recursos económicos suficientes para o afrontamento dos gastos derivados do inicio do curso escolar tendo en conta o establecido nos puntos seguintes.

6 Establécese o límite de recursos económicos tomando como referencia o IPREM anual vixente no ano 2021 (6778,80€ doce pagas), cun incremento do 0,6 veces o IPREM para cada tramo persoal.

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos anuais
1	10.846,08 € (1,6 IPREM)
2	14.913,36 € (2,2 IPREM)



3	18.980,64 € (2,8 IPREM)
4	23.047,92 € (3,4 IPREM)
5	27.115,20 € (4,0 IPREM)
6	31.182,48 € (4,6 IPREM)

7 A partir do sexto membro establecerase un incremento de 2.033,64 € (0,3 IPREM) por cada membro computable.

8 Terán a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do Imposto da Renda das Persoas Físicas do exercicio 2020 de todos os membros computables. No caso de non estar obrigados a presentar a declaración do IRPF, tomarase de referencia o certificado de imputacións do mesmo exercicio fiscal emitido pola Axencia Tributaria determinando os ingresos a partir da seguinte fórmula: rendementos + ganancias patrimoniais – gastos deducibles.

9 As persoas solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros non terán dereito a esta axuda.

10 Excepcionalmente, quedarán excluídas do cumprimento destes requisitos aquelas persoas que, previa valoración do equipo técnico de servizos sociais acreditada mediante informe social, presenten unha situación excepcional, imprevista ou de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar.

11 Para os efectos destas axudas entenderase por **unidade familiar** a conformada polos pais/nais, titores/as ou persoas encargadas da garda e os fillos/as menores de 18 anos ou maiores de 18 anos cunha discapacidade superior ao 33% que convivan no domicilio familiar.

12 No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda. No entanto, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (agás nos casos de custodia compartida).

13 No caso de familias monoparentais, para os efectos de calcular o límite de ingresos, incrementarase en 1 o número real de membros que conforman a unidade familiar. Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos/as ao seu cargo, segundo o establecido na Lei 3/2011, modificada pola Lei 5/2021.

14 Nos casos de custodia compartida de proxenitores separados legalmente ou divorciados, computaranse como membros da unidade familiar ambos os dous proxenitores e os seus fillos/as.

15 Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polos proxenitores e todos os fillos que reúnan os requisitos enumerados anteriormente.



Artigo 3. Documentación a presentar

Documentación común para todas as liñas de axudas:

- Solicitud, segundo o modelo establecido (anexo I e II).
- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documentación acreditativa de identidade da/do solicitante e toda a unidade familiar.
- Fotocopia do libro de familia (completo).
- Certificado de convivencia da unidade familiar, sen prexuízo doutras alternativas que acrediten a convivencia. Esta circunstancia será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2020 (completa) de cada membro da unidade familiar, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido, con indicación da contía.
- Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Boqueixón, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ao Concello de Boqueixón a obter esta información.
- Certificado de atoparse ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Boqueixón, segundo o modelo establecido.
- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

Documentación específica para liña de axudas 1 e 2:

- Certificado de matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a (para axudas liña 1 e 2).
- Declaración de non dispor dos medios informáticos ou tecnolóxicos axeitados.

Artigo 4. Tipoloxía e contía das axudas.

- 1 Poderán solicitarse axudas para os seguintes conceptos:



- Liña 1: Axudas a familias para adquisición de equipos informáticos para o alumnado que estea cursando estudos de Educación Primaria, ESO, Bacharelato.

Subvencionarase a adquisición de computadores de sobremesa ou portátiles exclusivamente.

A contía máxima da axuda por alumno/a, será de 250 euros.

A contía límite da axuda por unidade familiar será de 400 euros.

Non se subvenciona a adquisición de equipos informáticos para alumnado de educación infantil.

- Liña 2: Axudas a familias para gastos que faciliten a escolarización ao alumnado matriculado nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato.

Serán subvencionables os gastos derivados de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto xa subvencionados ou de préstamo).

- Segundo ciclo de educación infantil: libros de texto, material escolar e mandilóns.
- Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato: libros de texto e material escolar.

A contía máxima da axuda por alumno/a será de:

Axudas para material escolar por alumno/a	
Curso	Importe
Educación Infantil	100 €
Educación Primaria	100 €
Educación Secundaria e FP Básica	100 €
Bacharelato	150 €

A contía límite da axuda por unidade familiar para material escolar será de 300 euros.

- 2 No caso de que nunha unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que opten a estas axudas deberán presentar unha solicitude individualizada por cada un dos alumnos/as que opten a elas.
- 3 A concesión destas axudas queda suxeita á existencia de crédito consignado para esta finalidade na dotación orzamentaria establecida e que ascende a un total de 12.000 euros.
- 4 Os gastos subvencionables das liñas 1 e 2 corresponderán ao curso 2021-2022.
- 5 Todos os gastos subvencionables nestas bases deberán estar pagados na súa totalidade antes da finalización do prazo para a xustificación das axudas concedidas.



Artigo 5. Incompatibilidades e tratamento fiscal

1 As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras Administracións Públicas sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

2 Os beneficiarios das mesmas deberán decláralas ante as Administracións Tributarias correspondentes (IRPF...).

Artigo 6. Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas da/o beneficiaria/a:

- Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- Xustificar ante o Concello de Boqueixón o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Boqueixón.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar, no momento da solicitude, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (pódese autorizar ao concello de Boqueixón a obter a información de estar ao corrente das obrigas tributarias do Estado e Comunidade Autónoma).
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

Artigo 7. Procedemento da solicitude.

1 As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica.

2 O prazo de presentación de solicitudes será 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.



3 Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días naturais, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibida a persoa solicitante que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 8. Outorgamento de subvencións.

1 Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, dende o Departamento de Servizos Sociais emitirase o informe proposta da resolución provisional na que contemplaranse todas as solicitudes, as completas, as denegadas e as pendentes de emendar documentación (advertindo que neste último caso de non emendar no prazo establecido quedarán denegadas), a relación nominal e a contía individualizada das subvencións para cada solicitante, e o órgano correspondente adoptará a resolución provisional.

2 Esta resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos/electrónico do Concello e a través da páxina web municipal unicamente co número do documento de identidade anonimizado que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude e o número de referencia da mesma (que será facilitado no momento da presentación).

3 Unha vez publicada a resolución provisional, as/os interesados/as, disporán dun prazo de dez días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación, para presentar as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

4 De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo aos parágrafos anteriores, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

5 De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Portal de Transparencia do Concello de Boqueixón.

Artigo 9. Xustificación e pagamento.

1 O pagamento das axudas, de ser o caso, efectuarase aos representantes legais das/os beneficiarios previa a presentación dos xustificantes dos gastos relacionados cos conceptos subvencionados e cuxo importe deberá ser igual ou superior ao da axuda concedida. A presentación da documentación acreditativa dos gastos subvencionables terá que presentarse ata o 20 de novembro de 2021.

2 Unha vez aprobada a subvención, a persoa interesada presentará mediante o formulario no Rexistro Xeral Municipal a xustificación do gasto e incluirá:

- Factura do gasto realizado que deberá cumprir os requisitos marcados no artigo 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan os deberes de facturación.



- Certificado IBAN do número de conta bancaria da persoa solicitante.

3 Das axudas debidamente xustificadas o órgano instrutor elevará proposta de resolución para a aprobación de recoñecemento de obrigas e a xustificación do pagamento, dando traslado á Tesourería para a súa execución.

Artigo 10. Reintegro das axudas e réxime sancionador.

1 O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A persoa beneficiaria procederá ao reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas desde o momento do pago da axuda nos seguintes casos:

- Incumprimento da finalidade para a que foi outorgada a axuda.
- Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ocultación ou falsidade documental.

Artigo 11. Disposición adicional.

1 Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

Artigo 12. Disposición final.

Estas bases entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, sen prexuízo da súa publicidade na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Portal de Transparencia do Concello.

Contra estas bases poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO I: SOLICITUDE

Datos da persoa solicitante (Pai/Nai ou Titor/a)

Nome:	Apelidos:
DNI:	Teléfono:
Enderezo:	

Datos do/a alumno/a:

Nome:	Apelidos:
DNI:	Data de nacemento:
Curso:	Centro de estudos:

Tipoloxía da axuda que solicita

Liña 1: Axudas a familias para a adquisición de equipos informáticos
Liña 2: Axudas a familias para gastos que faciliten a escolarización

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

Fotocopia do DNI, pasaporte ou documentación acreditativa da identidade da persoa solicitante e do resto da unidade familiar
Fotocopia do libro de familia
Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2020 de cada membro da UF ou, no caso de non presentala, Certificado de Imputacións expedido pola AEAT
Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Boqueixón, así como de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ao Concello de Boqueixón a obter esta información (Anexo II)
Certificado de atoparse ao corrente das obrigas coa Seguridade Social
Documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
Certificado de matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a
Declaración de non dispor dos medios informáticos ou tecnolóxicos axeitados (Anexo II)
Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo II)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

INFORMACIÓN AVANZADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección en LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, en particular, consultas de natureza persoal (información xurídica, problemáticas sociais de distinta índole, educación familiar, atención psicolóxica, asistencia a necesidades sociais específicas, asistencia ó centro de información á muller (CIM)...).

Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre o seu estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir sendo moi importante que nos informe correctamente sobre os mesmos.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposte de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.- destinatarios de cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexitimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG's...) colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE BOQUEIXÓN directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Xunta de Galicia con competencias na materia coa finalidade de cumprir coas obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria e funcionamento anual" e para facilitar, con carácter xeral a comprobación do axeitado funcionamento do centro de Servizos Sociais, dentro dos parámetros da normativa que os regula.
- Concellos distintos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa intervención social.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.

No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- dereitos: CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@boqueixon.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

NOME E APELLIDOS: _____

DNI: _____

Data: ____ / ____ / ____

SINATURA:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN



ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN

D/D^a _____, con DNI/Pasaporte
_____, en calidade de pai, nai, titor, titora do alumno/a
_____.

DECLARO:

- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non ter solicitado e/ou recibido outras axudas para o mesmo concepto
- Ter recibido outras axudas para o mesmo concepto
 - Tipo de axuda:
 - Organismo que a concede:
 - Contía:
- Non dispor dos medios informáticos ou tecnolóxicos axeitados

AUTORIZACIÓN DE COMPROBACIÓN DE DATOS:

- AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a que realice as comprobacións oportunas con relación aos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pagamento destas axudas.
- NON AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a que realice as comprobacións oportunas con relación aos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pagamento destas axudas e, polo tanto, achego os certificados oportunos.

Data:

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

ANEXO III: XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Datos da persoa solicitante (Pai/Nai ou Titor/a):

Nome:	Apelidos:
DNI:	Teléfono:
Enderezo:	

EXPOÑO:
Que teño recoñecida unha axuda da seguinte tipoloxía: <ul style="list-style-type: none"><input type="radio"/> Liña 1: Liña 1: Axudas a familias para a adquisición de equipos informáticos<input type="radio"/> Liña 2: Liña 2: Axudas a familias para gastos que faciliten a escolarización
Que achego a seguinte documentación para os efectos de xustificar a mesma: <ul style="list-style-type: none"><input type="radio"/> Factura do gasto realizado que cumpre os requisitos marcados no artigo 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan os deberes de facturación<input type="radio"/> Certificado IBAN do número de conta bancaria da persoa solicitante
Consecuentemente, SOLICITO:
Que se teña en conta a documentación presentada para os efectos da xustificación e se proceda ao pagamento da axuda concedida. Data: Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN